

Xa estiveches?

GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIÇA



GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIÇA



.....

DEPUTACIÓN
OURENSE

Un Gerês-Xurés más dinámico

Divulgar, informar e promover a Reserva da Biosfera Transfronteriza Gerês-Xurés (RBTGX) e o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

O Gerês-Xurés dinámico (Programa INTERREG V A España-Portugal 2014-2019) é un proxecto de dinamización conxunta da reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX), no marco do cal a Deputación de Ourense desenvolveu e desenvolve numerosas iniciativas, estas abranguen diferentes actividades.

RBTGX para os seus habitantes: Sensibilización da poboación local sobre os valores patrimoniais e medioambientais, implicándoos na súa conservación con talleres e traballo de recuperación.

RBTGX para os seus visitantes: Ordenación, creación de produto, dinamización das portas, posta en valor do xacemento romano Aquis Querquennis, do megalistimo da Serra do Xurés e da Serra do Leboreiro a través dun aula, sinalizacions, congresos, etc.

RBTGX para os escolares: Programa de educación ambiental e patrimonial, con visitas de grupos escolares á Reserva da Biosfera.

A Comunicación:

Organización de congresos, sinalización de accesos por estrada, e sinalización turística dos seis concellos da parte galega, mellora la web (Portas do Xurés) para inclusión no portal web da RBTGX e publicidade das actuacións do Proxecto da Deputación de Ourense.

Como resultados melloramos a calidade de vida da poboación local, incrementando a capacidade de atracción turística, económica e demográfica do territorio, así como a mellora da calidade dos servizos e produtos comercializados.

Conquerimos un incremento da sensibilización e mellora do coñecemento sobre a RBTGX a nivel local, rexional, nacional e internacional. Ademáis da mellora do estado de conservación e protección do patrimonio natural e cultural e as condicións de accesibilidade, sinalización e ambientais. Todo iso a través da harmonización dos instrumentos de planificación e xestión existentes.



PORTA DE
MONTALEGRE

PORTA DO
MEZIO

PORTA DO
LINDOSO



Portas do Xurés



PORTA DE BANDE CENTRO DE INTERPRETACIÓN "AQUIS QUERQUENNIS"

Infraestrutura situada preto do xacemento romano de Aquis Querquennis, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX) e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer a historia dun enclave único, o Couto Mixto, a través do seu centro de interpretación.

PORTA DE CALVOS DE RANDÍN CENTRO DE INT. "COUTO MIXTO"

Infraestrutura situada na rehabilitada reitoral de Santiago de Rubiás, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer a historia dun enclave único, o Couto Mixto, a través do seu centro de interpretación.

PORTA DE ENTRIMO CENTRO DE INT. DA XEOMORFOLOXÍA E DA PAISAXE

Infraestrutura situada nunha vivenda tradicional rehabilitada, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer a súa paisaxe, a través dun centro de interpretación dedicado á súa xeomorfología.



PORTA DE MUÍÑOS C. DE INT. DA AUGA E AULA ARQUEOLÓXICA

Infraestrutura de nova construción cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, así como dar a coñecer o Centro de Int. do Auga. Tamén acolle a Aula Arqueolóxica do Megalitismo do Val do Salas e da Serra do Leboreiro, aberta no ano 2019 grazas ao proxecto.

PORTA DE LOBIOS CENTRO DE INT. DA FLORA

Infraestrutura situada na rehabilitada biblioteca municipal, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, así como dar a coñecer o pasado dos seus habitantes, a través dun centro de interpretación dedicado á flora do parque.


PORTA DE LOBEIRA CENTRO DE INT. DA ETNOGRAFÍA

Infraestrutura de nova construcción, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, así como dar a coñecer o pasado dos seus habitantes, a través dun centro de interpretación dedicado á etnografía e á memoria de Xaquín Lorenzo Fernández.

CUSTO TOTAL PROXECTO: 1.971.901'57€ | ORZAMENTO DEP. OURENSE: 323.650€.

D. Xeral de Conservación da Natureza (Xunta Galicia); Dep. de Ourense; Axencia Turismo de Galicia (Xunta Galicia); ADERE Peneda-Gerês; Cámara Municipal de Melgaço; Municipio Ponte da Barca; Cámara Municipal de Terras de Bouro; Municipio Arcos de Valdevez; Asociación Regional de desenvolvemento do Alto Lima (ARDAL); Inst. de Conservación da Natureza e das Florestas (ICNF); Turismo do Porto e Norte de Portugal (TPNP); Comisión de Coordinación e Desenv. Rexional do Norte (CCDR-N).

RESERVA DA BIOSFERA TRANSFRONTEIRIZA GERÊS-XURÉS (RBTGX)



■ Parque Transfronterizo Gerês-Xurés (España)
■ Parque Transfronterizo Gerês-Xurés (Portugal)

★ ADERE - Peneda Gerês

— Estrada

— Limite Municipios PNPG

★ Centro de Educación Ambiental

— Geira

— Limite Municipios PNBLSX

Puntos de interesse do Parque Transfronterizo Gerês-Xurés (Portugal)

- 1 Trilho interpretativo de Lamas de Mouro - Melgaço (42°02'19"N; 8°11'45"W)
- 2 Necrópole megalítica de Castro Laboreiro - Melgaço (42°04'20.81"N; 8°07'27.39"W)
- 3 Castelo de Castro Laboreiro - Melgaço (42°01'21.9"N; 8°09'29.3"W)
- 4 Mamoa e anta do Batareiro - Melgaço (41°59'15.22"N; 8°16'31.58"W)
- 5 Socalcos de Sistelo - Arcos de Valdevez (41°58'24.16"N; 8°22'28.36"W)
- 6 Santuário N. Sra. Da Peneda - Arcos de Valdevez (41°58'30.73"N; 8°13'19.20"W)
- 7 Espigueiros e Pelourinho do Soajo - A. de Valdevez (41°52'29.65"N; 8°15'44.86"W)
- 8 Mosteiro de Ermelo - Arcos de Valdevez (41°51'13.20"N; 8°17'23.75"W)
- 9 Barragem do Alto do Lindoso - Ponte da Barca (41°52'15.61"N; 8°12'07.10"W)
- 10 Castelo de Lindoso e núcleo de espigueiros - Ponte da Barca (41°52'01.68"N; 8°11'57.01"W)
- 11 Ermida - Ponte da Barca (41°49'14.37"N; 8°15'29.95"W)
- 12 Serra Amarela - Ponte da Barca (41°48'16.13"N; 8°14'40.51"W)
- 13 Mata de Albergaria - Terras de Bouro (41°46'00.79"N; 8°08'49.82"W)
- 14 Via Romana - Terras de Bouro (41°47'30.14"N; 8°09'09.51"W)
- 15 Aldeia de Vilarinho da Furna - Terras de Bouro (41°45'47.69"N; 8°12'26.32"W)
- 16 Pedra Bela - Terras de Bouro (41°42'56.16"N; 8°09'11.56"W)
- 17 Ponte da Misarela - Montalegre (41°41'31.27"N; 8°01'10.49"W)
- 18 Aldeia de Pitões das Júnias - Montalegre (41°50'26.91"N; 7°56'50.85"W)
- 19 Aldeia de Tourém - Montalegre (41°54'19.80"N; 7°53'42.67"W)
- 20 Castelo de Montalegre (41°49'33.40"N; 7°47'26.71"W)

Número de Emerxencia Europeo 112

Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés +34 988 448 048



Promotor: CIM Alto Minho | Coordinación: ADERE Peneda-Gerês



GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIZA



.....
DEPUTACIÓN
OURENSE

- 21 Mámoma da Casa da Moura - Entrímo (41°56'03.1"N; 8°07'13.6"W)
- 22 Pallozas das Cortes da Carballeira - Entrímo (41°59'05.6"N; 8°06'40.7"W)
- 23 Igrexa de Santa María a Real - Entrímo (41°56'03.1"N; 8°07'13.6"W)
- 24 Área recreativa das Perdices - Rio Pacín - Entrímo (41°55'39.3"N; 8°06'04.1"W)
- 25 Santuario da Nosa Señora do Viso - Lobeira (41°58'38.4"N; 8°01'34.6"W)
- 26 Igrexa de San Bartolomeu - Lobeira (42°01'53.32"N; 8°03'21.98"W)
- 27 Igrexa de San Xes - A Canle - Lobeira (41°59'11.8"N; 8°03'29.4"W)
- 28 Río Fragoso (Muiños e Carballeiras) - Lobeira (41°59'02.4"N; 8°02'48.5"W)
- 29 Complexo do Corgo, Mugueimes - Muiños (41°58'27.5"N; 7°58'19.6"W)
- 30 Santuario dos Milagres - Muiños (41°57'42.7"N; 7°55'27.8"W)
- 31 Capela da Clamadoira - Muiños (41°56'48.5"N; 7°59'15.6"W)
- 32 Megalitismo no Maus de Salas - Muiños (41°55'25.9"N; 7°54'58.6"W)
- 33 A Escusalla - Lobios (41°53'12.9"N; 8°08'25.5"W)
- 34 Mansión romana Aquis Originis - Lobios (41°51'23"N; 8°06'26"W)
- 35 Miliarios romanos de Portela do Home - Lobios (41°50'03.0"N; 8°07'10.0"W)
- 36 Ermita da Nosa Señora do Xurés - Lobios (41°51'59.9"N; 8°05'33.6"W)
- 37 Igrexa visigoda de Santa Comba - Bande (41°58'25.2"N; 8°00'15.4"W)
- 38 Termas dos Baños - Bande (41°58'46.2"N; 7°58'57.8"W)
- 39 Campamento romano Aquis Querquennis - Bande (41°58'24.7"N; 7°58'48.2"W)
- 40 Igrexa de San Pedro - Bande (42°01'45.6"N; 7°58'36.2"W)
- 41 Igrexa de Santiago de Rubiás e estatua do último xúz do Couto Mixto - Calvos de Randín (41°54'17"N; 7°52'32"W)
- 42 Igrexa de Santiago de Calvos de Randín (41°56'39.0"N; 7°53'49.7"W)
- 43 Igrexa de San Xoán - Calvos de Randín (41°54'18.5"N; 7°52'32.9"W)
- 44 Pazo dos Tejada - Calvos de Randín (41°56'38.1"N; 7°53'48.0"W)

Recreación Aquis Querquennis

A Deputación de Ourense amosará a finais do ano 2019 a través dunha reconstrución virtual o forte romano de Aquis Querquennis.

O proxecto, que inclúe a elaboración de cinco vídeos nos que se combinan actores reais cunha minuciosa recreación en tres dimensións do forte romano no momento do seu uso por un continxente militar romano e localizado ao carón da Vía Nova, a estrada romana que comunicaba Bracara (Braga) con Asturica (Astorga).


Esta aplicación permite, a través dunha visita autoguiada, poder coñecer o estado orixinal das estruturas romanas. O sistema detectará a posición do usuario no interior do campamento e automaticamente lle amosará a súa recreación virtual.

A recreación 3D tamén afondará nas relacións entre a poboación local e o continxente militar romano, achegando unha visión novedosa na presenta-

ción habitual da información turística destes campamentos, que tradicionalmente os presentan como sitios arqueolóxicos aillados do seu contorno.

A recreación 3D tamén afondará nas relacións entre a poboación local e o continxente militar romano.

Ao mesmo tempo, o proxecto inclúe un plan de difusión que permitirá aos interesados seguir o proceso de desenvolvemento e reconstrucción virtual do campamento, contribuíndo a fomentar a cultura científica nos usuarios e creando unha comunidade ao redor do proxecto.



Documentación con actores e recreación en 3D do Aquis Querquennis.



Taller de sensibilización do mes de agosto de 2018 en Muíños.

Talleres de sensibilización

Desenvolvéronse no 2018 e estánse a desenvolver no 2019, seis talleres de sensibilización nos concellos do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, destinados á sensibilización da poboación local da RBTGX, de ámbitos lados da fronteira, sobre os valores patrimoniais e medioambientais do medio no que habitan, implicándoa na súa conservación.

Valoraron os recursos da Reserva da Biosfera de forma dinámica a través de xogos e xincanas.

A través destes talleres, os asistentes valoraron os recursos da Reserva da Biosfera interactuando de forma dinámica a través da realización de xogos e xincanas. Para iso, buscouse o tesouro de Xandas Congostras que está agochado nunha parte do Xurés e que os participantes deberon atopar.

Tamén houbo xogos populares e tradicionais para que nenos e adultos amosen as súas destrezas e poíderan aprender ou lembrar as técnicas dos xogos dos nosos maiores.



MANUEL SALGADO ALONSO
RECAREI (BANDE)

OS XOGOS "Xogabamos por aí aos escondites e fagiamos carros, aí nese outeiro. Xa figuran este meu irmão i outros da edá del unha pista e nos figemos carros e bicicletas e levabamos cada ostiazo cando chegamos abajo alí onde pasa a pista. Chegabamos alí, ao mellor viñamos cuatro ou cinco no carro, e uns marchaban de cabeza... Andabamos sempre cas pernas rascadas por baixar pola pista abajo cos carros."



CELSO FERREIRA FERNÁNDEZ
VILAR (CALVOS DE RANDÍN)

O COROCEIRO "Bueno, as corozas eran más ben para protexerse da chuvia e da neve, de quince aníños ou po aí xa faría. Eiquí fajávanas todos a feito. Nós tiñamos un tío, que foi o que nos serviu de pai, un irmão del, entón ás noites viña pra eiquí e fajávanas as chancas. Antes quen falaba en zapatos, as chancas mesmo rompíanse aíquí i había que lle botar un romendo. Daquela, mirando pra el, dándolle os xuncos i aquello, entón fumos daprindendo todos."



CARMEN RODRÍGUEZ Y JULIO RODRÍGUEZ
PORQUEIRÓS (MUÍÑOS)

O CONTRABANDO "Moito tempo íbamos buscar o café a Portugal. Chamábase Sical, que viña das colonias. Inda fun eu moitar veces con sacos de vinte quilos ás costas. E despois busquei unhos clientes que mos traían. Traíano de noite nunhas burras, i ás costas. Entón, eran os camiós das obras cuando empezaban... o salto do Salas, viñan descargar e despois eu vendíalle o café."

A Deputación de Ourense pon en marcha o proxecto "Vidas con historia"

É un estudo sociolóxico sobre os modos e historias de vida dos habitantes da Reserva da Biosfera Tranfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX), nos municipios da parte galega da Reserva (Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños) e da parte portuguesa.

40 historias que comporán un cadro vivo moi elaborado da vida cotiá das aldeas e vilas.

Corenta entrevistas a persoas maiores de idade dos seis concellos anteriormente citados. "Trátase de 40 historias particulares que comporán un cadro vivo e moi elaborado da vida cotiá das aldeas e vilas destes seis municipios, sobre a memoria da Guerra Civil,

as penalidades da posguerra, os primeiros síntomas de mudanza dos anos 50 e o seu esfarelamento a partir dos anos 70, é dicir, de todo o que servía para dar a coñecer a Galicia do século XX", explicou Manuel Doval (Deputado Provincial) quen sinalou que

o obxectivo desta traballo é "conservar a memoria do modo de vida das xentes que habitan nestes municipios".

Os resultados obtidos das dúas zonas, darán lugar á publicación dun libro editado en 2 volumes a finais do 2019.



JESÚS GONZÁLEZ GONZÁLEZ
FERREIROS (ENTRIMO)

A ESCULTURA "Empecei desde neníño pequeno! Serán bos ou serán mellores, pero é a miña vida. E xa empezou cando íbamos enredar cas ovellas, que ao mellor hasta perdímos as ovellas! Empezamos o meu primo i eu. E se non nos huberamos separao, tiñamos feito aquí unhas obras de cuidado. Cada unha tiña a súa historia. Con sete anos, xa luchaba alí para por ás mulleres espidas e todo. É verdá. Si! Despois, cando me jubilei, vin direito pra eiquí para eso! Aí hai de todo!"



CELIA SILVA RODRÍGUEZ
PARADA DO MONTE (LOBEIRA)

O ENTROIDO "No Antroido levábbase duns lujares ós outros. Habíaos bonitos e habíaos feos. Os feos iban con roupa vella e os bonitos con roupa boa i adornados con follas de hedra, os homes cos calzoncillos blancos, e as follas das hedras por ondas as pernas. I as mulleres tamén iban vestidas de bonito, ben preparadas. Eu fun ó Antroido de Villarino, eui i outra, vestidas de homes cos traxes dun home que viñera de Buenos Aires. Il emprestábanolos e nós levabamos, e eu fajía un bigote na cazola."



REMEDIOS CABANELAS ÁLVAREZ
PUXEDO (LOBIOS)

O LOITO "Antes ós homes púñasellos unha tiriña na chaquetiña esí, e levaba unha corbatina, e os botonciños negros. As mulleres tapábamolos pendientiños e andabamos, agora cambiou moito. Eiquí púñao todo o mundo, hasta piquiniños. Nós tiñamos unha rapaciña pequeniña i, era noviña cuitadiña, morréralle o seu pai, e puxémola todo de loito, e pa ir chorar a xente ó ver á rapaciña toda de loito. Daba moita pena, óver esí unha criatura nova, e o seu pai, e así i eso, e non haber, non haber así pa axudar."

Xuntanza de líderes de opinión das redes sociais galegas para a promoción da RBTGX

Dentro do proxecto Gerês-Xurés Dinámico, realizouse unha xuntanza de líderes de opinión das redes sociais galegas, durante un fin de semana da primavera de 2019, co obxecto de conseguir unha mellora dos datos de visitantes nas redes sociais da RBTGX, así como aumentar o coñecemento desta, chegando desta maneira a potenciais visitantes a través das redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, etc.) para a promoción da reserva Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX).



Grupo Xuntanza.

Para conseguir este obxectivo, durante o fin de semana do 15 e 16 de xuño de 2019, xuntáronse catro persoeiros das redes sociais galegas: **Manuel Bragado** (mestre e editor lingua galega), **Manuel Gago** (profesor da USC, escritor e director de CulturaGalega.org), **Jorge Coira** (director, montador e guionista de cine) e **Lucía Pérez** (cantante), acompañados dun guía



Xornada do 15 e 16 de xuño.

de excepción, **Xosé Benito Reza**, exdirector do PNBLSX e máximo impulsor da reserva da biosfera. Percorren a RBTGX visitando as seis Portas do Xurés, así como outros lugares de interese. Visita que foi recollida a través dun par de vídeos, a disposición de todos os interesados, na canle de YouTube.



Memoria dunha viaxe

JORGE COIRA

Director, guionista, montador de cine/televisión.

Sigo sendo un namorado total do meu oficio de cineasta. Sei que son moitos os inconvenientes (comezando pola brutal inseguridade económica que caracteriza toda a creación artística), pero por sorte, na miña vida seguen a pesar máis os aspectos positivos. E entre eles, hai un que sempre gocei especialmente: a oportunidade que dá este traballo de coñecer xentes e lugares interesantes, especiais, fascinantes...

A última experiencia que tiven neste sentido foi a que vivín hai uns días, cando fun-

convidado xunto a Lucía Pérez, Manuel Gago e Manuel Bragado, avisitar a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés.

Por suposto, eu xa coñecía o Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e paseara tamén polas serras veciñas do Gerês e más da Peneda. Pero unha cosa é percorrer as súas estradas, parar nalgúns vilas e pasear algo polos seus camiños (cousas ben recomendables en todo caso); e outra ben distinta, a de ser conducido da man de alguém tan coñecedor da historia do lugar como é Xosé Benito Reza. O amor que transmite por ese espazo que tan ben coñece empapou toda a visita e fixo desta unha experiencia gozosa para os sentidos.

Fomos convidados a abrir a alma a pasear por unha historia milenaria (de centos de milleiros de anos) desde a que poder va-

lorar a forza inmenxa destas montañas e estes vales; percorremos estradas e camiños cos ollos abertos cara á impresionante variedade vexetal e animal que habita a reserva toda; coñecemos máis polo miúdo historias fascinantes como a do Couto Mixto –esa fermosísima anomalía histórica que se produciu a medio camiño entre os dous estados español e portugués–; viaxamos pola historia da arquitectura desde tempos previos á romanización ata a actualidade: mámoas, fortificacións militares romanas, templos coma o visigótico de Santa Comba de Bande (a primeira igrexa de Galicia) ou a igrexa de Santa María de Entrimo (cunha fachada barroca que desafía o paso do tempo cos seus xogos de formas e volumes); percorremos vilas como a de Cela, nas que a orografía e a arquitectura fundense dunha maneira única; paseamos

encoros, fervenzas, vales... Gozamos da comida, da bebida, das augas termais, da paisaxe, da música. En definitiva, da vida.

Sei que non tardarei en volver por esas terras únicas das serras arraianas e, mentres, só me queda agradecer á xente da Reserva e dos Parques -dun lado e doutro da fronteira- por facernos partícipes desta experiencia que foi todo un agasallo e, por suposto, convidar a quen lea esta pequena memoria, a visitar a zona, achegarse ás portas dos parques para recoller a información precisa para poder, a continuación, lanzarse a coñecer polo miúdo este recuncho do mundo que é, sen dúbida, un dos maiores tesouros naturais e humanos de toda Galicia.

Paga a pena.



Promoción do Couto Mixto a través de obras teatrais

2018-2019

No marco do proxecto recóllese varias iniciativas da Deputación de Ourense, sendo unha das actividades desenvolvidas por esta administración a colaboración na promoción e difusión da historia do Couto Mixto, a través de representacións teatrais.

O Couto Mixto, un enclave de tres parroquias situadas a cabalo entre España e Portugal, funcionou como unha república independente desde a idade media ata finais do século XIX. Foi un territorio cheo de singularidades históricas e culturais que remataron coa sinatura do Tratado de Lisboa en 1864.

Por todo isto coincidindo co día de elección dos xuíces honorarios do Couto Mixto, Xitura: Xestión do Patrimonio Cultural no 2018 e Platea Lúa no 2019, deron a coñecer dun xeito ameno e didáctico a historia do Couto Mixto a través dunha pequena representación teatral ambientada na segunda metade do século XIX, onde catro personaxes axudarános a coñecer as singularidades dun enclave único no territorio galego, español e portugués, así como Europeo. A representación realizouse no adro da igrexa de Santiago de Rubiás, lugar emblemático do Couto mixto.



Representación teatral no Couto Mixto 2019.

Os cativos achegáronse ás Portas do Xurés

Fomentar o coñecemento dos valores naturais e patrimoniais da RBTGX por parte da comunidade educativa.

Os meses de maio e xuño de 2019 púxose en marcha, por parte da Deputación de Ourense un programa de educación ambiental e patrimonial no que se contemplou a organización de visitas de grupos escolares de Primaria e Secundaria á RBTGX para fomentar o coñecemento dos seus valores naturais e patrimoniais por parte da comunidade educativa.

As visitas de escolares dos diferentes colexios da provincia, apoiaronse co reparto de material didáctico.



Visitas escolares no parque durante os meses de maio e xuño.



As visitas de escolares dos diferentes colexios da provincial, apoiáronse co reparto entre os colexios de material didáctico especialmente deseñado para dar a coñecer aos escolares da provincia de Ourense e do norte de Portugal a riqueza natural e cultural da RBTGX.

Este material educativo transfronteirizo verase reforzado por una exposición itinerante sobre a RBTGX, que se poderá visitar a finais do ano 2019 no Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense.



Visita do Grupo Internacional de traballo de Muíños en 2018.



Algunhas das escolas que nos visitaron

Durante o pasado mes de maio visitaron o parque os seguintes colexios:

CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía a Porta de Muíños. CEIP Santa María A Real de Entrimo á Porta de Entrimo; o CEIP Carlos Cid Arregui (Rairiz de Veiga) e o CEIP de Os Blancos á Porta de Lobeira; os alumnos do IES Universidade Laboral de Ourense visitaron a Porta de Calvos de Randin, e os do CEIP Xaquín Lorenzo "Xocas" de Bande visitaron a Porta de Lobios.

En xuño visitaron A Porta de Lobios os escolares do CEIP Curros Enríquez de Ourense. Os seguintes visitaron a Porta de Muíños e a Aula de Arqueoloxía do Megalistismo do Val do Salas e da Serra do Leboreiro, o CEIP de Vilar de Barrio, o CEIP do Xurés, o CEIP As Mercedes (Ourense), o CEIP de Baltar e o CEIP de Muíños.

Finalmente, os días 19 e 20 de xuño visitaron a Porta de Bande o CEIP do Ruxidoiro (A Valenzá-Barbadás).

En total acudiron 325 alumnos!

Xa estiveches?

GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIZA



PORTA DE BANDE

Infraestrutura situada preto do xacemento romano de *Aquis Querquennis*, cuxa finalidade é a de divulgar, informar e promover a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX) e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer o pasado histórico da zona.
CENTRO DE INTERPRETACIÓN "AQUIS QUERQUENNIS"
(Porto Quintela - Bande)

PORTA DE CALVOS DE RANDÍN

Infraestrutura situada na rehabilitada reitoral de Santiago de Rubiás, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer a historia dun enclave único, o Couto Mixto, a través dun centro de interpretación dedicado a súa historia.
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO "COUTO MIXTO"
(Reitoral de Santiago de Rubiás - Calvos de Randín)

PORTA DE ENTRIMO

Infraestrutura situada nunha vivenda tradicional rehabilitada, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer a súa paisaxe, a través dun centro de interpretación dedicado á súa particular xeomorfoloxía.
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA XEOMORFOLOGÍA E DA PAISAXE
(A Terrachá - Capital do Concello de Entrimo)

PORTA DE LOBEIRA

Infraestrutura de nova construcción, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer o pasado dos seus habitantes, a través dun centro de interpretación dedicado á etnografía e á memoria de Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas".
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ETNOGRAFÍA
(A Vila - Capital do Concello de Lobeira)

PORTA DE LOBIOS

Infraestrutura situada na rehabilitada biblioteca municipal, cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés, así como dar a coñecer a súa riqueza botánica, a través dun centro de interpretación dedicado á flora do parque.
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FLORA
(Fondevila - Capital do Concello de Lobios)

PORTA DE MUÍÑOS

Infraestrutura de nova construcción cuxa principal finalidade é a de divulgar, informar e promover a RBTGX e o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, así como dar a coñecer a importancia dos recursos acuáticos (termais, etc.) no parque a través do Centro de Interpretación do Auga. Así mesmo, a Porta de Muíños acolle desde o ano 2019 a Aula Arqueolóxica do Megalitismo do Val do Salas e da Serra do Leboiro, aula que ten como obxectivo principal dar a coñecer o megalitismo da RBTGX, unha das maiores concentracións megalíticas de Galicia e o Norte de Portugal, dunha forma amena e divertida.
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA AGUA E AULA ARQUEOLÓGICA DO MEGALITISMO DO VAL DO SALAS E DA SERRA DO LEBOREIRO
(Complexo turístico - deportivo O Corgo - Mugueimes)

Portas do Xurés



Datas de apertura 2019:

- Semana Santa (do 18 ó 21 de abril)
- Desde o 15 de maio ata o 31 de agosto de 2019

Horario de atención ao público Semana Santa, primavera e verán 2019:

De mércores a domingo, de 10.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 20.00 h

Luns e martes pechado

Para máis información: www.portasxures.es

Portas do Xurés

@portasdoxures



Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional

MEDIO AMBIENTE

GERÊS-XURÉS
RESERVA DA BIOSFERA
TRANSFRONTEIRIZA



.....
 DEPUTACIÓN
OURENSE